

BASES PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES/AXUDAS ÓS CLUBES DE FUTBOL CON DOMICILIO SOCIAL NO CONCELLO DE PIÑOR CORRESPONDENTES Ó EXERCICIO 2010

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A práctica deportiva adquiriu na sociedade actual unha gran trascendencia, dada a súa incidencia no desenvolvemento armónico e integral das persoas, na súa dimensión social, na mellora da calidade de vida e na sana utilización do ocio e do tempo de lecer dos cidadáns.

Por elo, o Concello de Piñor, intentará promover, fomentar e garantir as actividades deportivas, propiciando e facilitando o acceso dos cidadáns á practica do deporte como medio para garantir o desenvolvemento integral da persoa.

OBXECTO

O obxecto das presentes bases e convocar para o ano 2010 as subvencións dirixidas a Clubes Deportivos Locais, co fin de colaborar para que dispoñan dos medios necesarios para a participación en eventos deportivos.

Estas bases convócanse de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

CONCEPTOS SUBVENCIONABLES

- Actividades Deportivas Federadas de Clubes de Fútbol con domicilio social no Concello de Piñor
- Actividades Deportivas Federadas de Clubes de Fútbol Sala con domicilio social no Concello de Piñor

BENEFICIARIOS

Poderán solicitar a subvención tódolos Clubes de Fútbol do Concello de Piñor que cumplan os seguintes requisitos:

1. Estar legalmente constituído como Clube Deportivo
 - a. Estatutos rexistrados na Dirección Xeral de Deportes
 - b. Estar en posesión do Código de Identificación Fiscal
2. Estar inscrito no Rexistro de Entidades Deportivas da Comunidade Autónoma de Galicia e estar inscrito na Federación autonómica ou provincial correspondente.

FINANCIACIÓN

A cantidade que se dedique a financiar estas subvencións quedará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no Orzamento Xeral do Concello de Piñor para o exercicio 2010.

As subvencións concederanse en concepto de “Axudas para apoiar a actividade ordinaria dos Clubes de Fútbol do Concello de Piñor”.

O importe das subvencións establecerase segundo os criterios establecidos nas presentes bases.

SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

1. A solicitude da axuda, efectuarase da forma máis detallada posible e deberá conter necesariamente a seguinte documentación:
 - a. Instancia dirixida ó Alcalde-Presidente do Concello de Piñor (Anexo I)
 - b. Fotocopia da Tarxeta de Identificación Fiscal ou fotocopia do resgardo de habela solicitado. O titular será en tódolos casos o Clube Deportivo peticionario.
 - c. Certificado de Inscripción no Rexistro Xeral de Entidades Deportivas e certificado de inscrición na Federación autonómica ou provincial correspondente.
 - d. Proxecto ou memoria deportiva que recolla a información relativa á estrutura organizativa, ambito de actuación, obxectivos a conseguir e actividades a realizar durante a tempada.
 - e. Orzamento anual de ingresos e gastos da tempada actual e liquidación da anterior, desglosando as categorías base para a que se solicita a axuda, todo elo certificado polo Secretario e co Visto e Prace do Presidente do Clube (segundo o esquema do Anexo II)
 - f. Certificado do Director da Entidade Bancaria onde se teña aberta a conta.
 - g. Fotocopias das Fichas federativas, para acreditar o número de deportistas residentes no Concello de Piñor.
 - h. Declaración responsable de non ser debedor coa facenda estatal, autonómica e local , nin coa Seguridade Social (Anexo III)
 - i. Declaración formal, asinada polo secretario, de tódalas axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade por parte doutras administracións públicas(Anexo IV)
2. Cada Clube de Fútbol presentará unha única solicitude.
3. Ademais da documentación sinalada o Concello de Piñor poderá pedir calquera outra que estime necesaria para o mellor coñecemento e comprensión da aplicación da subvención.

FORMA E PRAZO PARA PRESENTAR AS SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse no prazo dun mes dende a exposición pública das presentes bases no Taboleiro de Anuncios e dende a súa publicación na páxina web do Concello de Piñor.

Na páxina web do Concello de Piñor estarán penduradas as presentes bases cos Anexos correspondentes para podelos cumprimentar e imprimir directamente.

As solicitudes presentaranse no Rexistro de Entrada do Concello de Piñor. Os interesados en participar nesta convocatoria de subvencións deberán presentar o impreso de solicitude correspondente, que figura nos anexos destas bases.

COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIONES

En ningún caso a suma das axudas concedidas por outras institucións , coa mesma finalidade, superara o 100% do orzamento previsto.

VALORACIÓN E PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

Recibidas as solicitudes de subvención, o exame e comprobación das devanditas levarase a cabo pola Comisión de Valoración formada polos membros que se establecen na disposición primeira das presentes bases.

Egotado o prazo de presentación de solicitudes, a Comisión de Valoración poderá requirir ós interesados para que subsanen os defectos da solicitude nun prazo de 15 días naturais dende a notificación, na que se advertirá que, de non producirse dita subsanación, terase por desistida a súa solicitude.

Os importe das subvencións concedidas consistirán:

- Para equipos de Fútbol outorgarase 50€ por xogador de campo, debidamente acreditado coas fichas federativas, que esté empadroadado no Concello de Piñor. Con un mínimo de 7 e un máximo de 16 xogadores de campo.
- Para equipos de Fútbol Sala outorgarase 50€ por xogador de campo, debidamente acreditado coas fichas federativas, que esté empadroadado no Concello de Piñor. Con un mínimo de 3 e un máximo de 7 xogadores de campo.

O importe das subvencións non poderá ser en ningún caso dunha contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións ou entes públicos ou privados, supere o custe da actividade que realiza o beneficiario.

PRAZO DE RESOLUCIÓN E NOTIFICACIÓN

O prazo máximo para resolver e notificar o procedemento será de seis meses contados a partir do día seguinte á finalización do prazo de presentación de solicitudes. Os interesados poderán entender desestimadas as solicitudes, por silencio administrativo, se transcorrido dito prazo non se houberse ditado e notificado resolución expresa.

A notificación da resolución realizarase dacordo co previsto no artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

A publicación das subvencións concedidas realizarase no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do Concello de Piñor.

OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

Os que obteñan axudas quedan obrigados a :

- Desenvolver as actividades dacordo co proxecto presentado
- Informar ó Concello de Piñor de calquera cambio significativo que se produza no programa.
- Comunicar ó Concello de Piñor a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración pública ou privada. (Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos percibidos)
- Facer constar expresamente o patrocinio ou colaboración municipal "CONCELLO DE PIÑOR" na realización de tódalas actividades deportivas, en publicidade tanto estática como de difusión: programas, carteis, cuñas de radio, equipos e material deportivo do clube, etc..
- Xustificar o emprego da subvención recibida mediante presentación de facturas ou xustificantes de gasto, así como unha memoria xustificativa, que deberá recoller: cartelería, dípticos, etc..., posibles recortes de prensa, así como unha reportaxe de fotos da actividades/es
- Someterse, no seu caso ás actividades de control e inspección que corresponden ó Concello de Piñor, aportando tanta información como lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- O incumprimento das obrigas anteriores podería dar lugar á anulación da subvención concedida.

XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

Unha vez recibida a notificación de concesión da subvención e previo ó pago da cantidade concedida, os beneficiarios deberán presentar no prazo de 2 meses contados a partir da notificación a documentación que a continuación se relaciona:

- Memoria detallada da realización da totalidade do proxecto ou actividade conforme ó orzamento presentado con expresa mención dos resultados obtidos.
- Certificado do perceptor de que se cumpriu a finalidade para a cal se otorgou a subvención conforme ó orzamento presentado.
- Os perceptores da subvención deberán xustificar que os fondos recibidos foron aplicados á finalidade para a cal foron concedidos, e a tal efectos deberán aportar:
 - Relación de tódolos gastos subvencionables derivados e como consecuencia da realización do proxecto ou actividade, poderán incluír:
 - Gastos federativos (inscricións, fichas, arbitraxes, etc.)
 - Gastos de material deportivo (so será válido o material propio do seu deporte)
 - Gastos de vestiario (Obrigatorio o escudo do Concello de Piñor)
 - Trofeos
 - Desprazamentos en autobús
 - Servizos médicos
 - Adquisición de material inventariable propio do seu deporte. Debéndose destinar os bens ó fin concreto para o que se concede a subvención, durante o período mínimo de 2 anos.
 - Copias da totalidade das facturas ou recibos, incluso nóminas, tributos/cotas da Seguridade Social, cuxo importe foran aboados con cargo á subvención concedida.

As entidades receptoras non poderán presentar documentos que xa serviran de xustificación para outras subvencións.

PROCEDEMENTO DE PAGO

Unha vez comunicado ó beneficiario a resolución da concesión da subvención o pago desta producirase dunha soa vez, coa previa xustificación documental dos gastos correspondentes á realización da actividade, no número de conta que conste no certificado aportado coa solicitude da subvención.

REINTEGRO DA SUBVENCIÓN

Corresponderá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia dos intereses de demora dende o momento de pago da subvención nos seguintes casos:

- Incumplimento da obriga de xustificación
- Obter a subvención sen reunir as condicións requiridas
- Incumprir a finalidade para a cal foi concedida a subvención
- Incumprir as obrigas impostas ós beneficiarios nestas bases
- Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de control e comprobación previstas nestas bases

DISPOSICIÓN PRIMEIRA

A comisión de valoración estará constituída por:

- Alcalde – Presidente do Concello de Piñor ou a persoa en quen delegue.
- Concelleiro/a de Deportes do Concello de Piñor ou a persoa en que delegue.
- O Secretario – Interventor do Concello de Piñor.
- Un traballador do concello designado para o efecto.

DISPOSICIÓN FINAL

Para todo aquilo non previsto nas presentes bases reguladoras será de aplicación a Lei Xeral de Subvencións.

A presente convocatoria entrará en vigor o día seguinte a súa publicación no Taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Piñor.

Piñor, 7 de abril de 2010

O ALCALDE

Francisco José Fraga Civeira